

**25deNovembrede2023**

**DíaInternacionaldaEliminacióndaV  
iolenciacontraasMulleres**

**CCOO**  
**pensionistas**

## 25N-Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres

A **violencia machista** é a manifestación máis extrema da **desigualdade** existente entre os homes e as mulleres, como recollen instrumentos internacionais de dereitos humanos (entre os máis recentes, o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e erradicación da violencia contra a muller e a violencia doméstica). O que diferencia este tipo de violencia é a razón que a move: unha concepción das mulleres como subordinadas aos homes.

O **maltrato** ás persoas maiores, sustentado o idadismo, ten rostro de muller e pode producirse por diversos factores persoais, económicos, psicolóxicos ou das relacións entre maltratador e vítima; porén, a violencia machista ten unha motivación de control e dominación que responde a patróns patriarcais.

As mulleres maiores experimentan a **discriminación** de xénero en maior medida que as mulleres novas, e a discriminación por idade en maior medida que os homes maiores. Esta dobre discriminación está na base da invisibilidade da violencia machista contra as mulleres maiores.

Os medios de comunicación, polo xeral, asocian a violencia machista con mulleres novas ou de mediana idade, e non con mulleres de máis de 65 anos. Incluso as campañas de sensibilización e os recursos especializados están moi pouco enfocados ás vítimas de máis idade.

A miúdo, o círculo social e familiar, e mesmo os e as profesionais da atención sanitaria e social (desde unha perspectiva androcéntrica), relacionan co proceso de envellecemento as lesións e comportamentos que, en mulleres máis novas, asociarían doadamente á violencia machista. Pero eses síntomas, en realidade, son causados polo abuso, a negligencia e outras manifestacións da violencia perpetradas pola parella.

A **invisibilidade**, a socialización nun sistema patriarcal, as múltiples formas de violencia que teñen sufrido (física, sexual, económica, social), a elevada percepción de risco que manteñen, o impacto no estado de saúde actual do binomio violencia sufrida máis deterioración ou asociado ao

envellecemento, e a soidade. A violencia de xénero contra as mulleres maiores é un fenómeno menos denunciado e menos atendido e entendido polo seu círculo próximo e os recursos públicos. A invisibilidade deste tipo de violencia aparece tamén por unha falta de auto recoñecemento como vítimas, o que dificulta que pidan axuda ou denunciaren.

A abordaxe da violencia machista en mulleres maiores de 65 anos require un **enfoque específico**, tanto no que respecta ao seu proceso de concienciación como vítimas, como á información sobre os seus dereitos e os recursos de protección e apoio dispoñibles. A orientación das políticas públicas e os recursos de atención ás vítimas tamén deben incorporar unha perspectiva de idade, adaptándose ao público obxectivo, á diversidade cultural e á situación local (ámbito rural, semiurbano, grandes cidades, etcétera).

As **respostas** serán apropiadas se teñen en conta as necesidades, as particularidades e a situación en que se encontran as mulleres maiores vítimas de violencia machista, as dificultades para obter apoio, os sentimentos de vergonza, culpa e resignación que padecen, e os obstáculos para accederen a os servizos.

- **É necesario** o enfoque de xénero nos recursos sociais e sanitarios destinados a atender as persoas maiores.
- **É imprescindible** o enfoque de curso vital na resposta institucional á violencia machista, fenda entre o ámbito rural e urbano e a necesidade de contar coa perspectiva das mulleres na análise, deseño, posta en marcha e avaliación das iniciativas destinadas a dar resposta ás súas necesidades.
- **É urxente** poñer en marcha actuacións de sensibilización, prevención, acompañamento e protección para as mulleres maiores para erradicar do imaxinario colectivo o idadismo na violencia machista.

**25 de Novembro de 2023**

**Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**